



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

Descrición Decreto: **CONTRATACIÓN AUXILIAR DE BIBLIOTECA . PEL CONCELLOS-2026**

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA).

Rematado o proceso de selección para a contratación de 4 peóns (PEL 2024), cuxas bases foron aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 15/04/2026, pola que se aprobaron as bases de selección para a contratación de persoal laboral temporal programa de integración laboral da deputación provincial de ACoruña para a execución de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Arzúa (4 peóns e 1 auxiliar de biblioteca). Exptes TEDEC num. 2026/E001/000004

Vista publicación de ditas bases de selección realizada en data 22 de abril de 2026 no BOP da Coruña nº 74 e publicado o mesmo día no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

Visto o anuncio do tribunal de selección de data 19/06/2026 e publicada no taboleiro da sede electrónica na data 07/06/2024, das puntuacións do test.

Visto a reclamación presentada por Dna María Teresa Martínez Armada, de data 22/06/2026, e comprobada a corrección, procedeuse a rectificación da puntuación.

Vista o anuncio de data 26/06/26 da rectificación das puntuacións do test de auxiliar de biblioteca, valoración da fase do concurso, e puntuacións finais.

Rematado o proceso de selección e a vista a acta do tribunal de data 03/07/2026 (publicada taboleiro anuncios da sede electrónica o 06/07/26) o cal propón o alcalde a contratación como auxiliar de biblioteca a Mónica Cardelle Rouco.

Visto que no prazo indicado na Base 10. Dna Mónica Cardelle Rouco, presenta a documentación requerida en dita base.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local e na base 10ª das que rexen este proceso, **RESOLVO:**

PRIMERO.- Contratar a Dna Mónica Cardelle Rouco.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte bolsa de emprego que estará formada polas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación

FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

Miguel Angel Mateos Carreira	6,40	2	8,40
Silvia Novo Pérez	6,40	2	8,40
María Concepción Formoso García	6	2	8
Alicia Louzan Varela	7,20	0	7,2
Brais Freire Casal	6,40	0,50	6,90
Lucía Mella Monterroso	6,40	0	6,40
Lucía Budiño Carril	6,40	0	6,40
María Teresa Martinez Armada	6,40	0	6,40

No caso de que houbera que tirar da bolsa, habería que solicitar as persoas que empataron a documentación que esixe a base 10 que indica:

“No caso de empate nas puntuacións totais finais de dous/dúas ou mais aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego, e si aínda así persistira o empate.
2. Maior antigüidade en situación de desemprego.”

TERCEIRO: Contratar na modalidade de contrato laboral de duración determinada, a tempo parcial, contrato para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral vinculado a programa de activación para o emprego (Texto refundido do estatuto dos traballadores en relación coa Disposición Adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego), a Mónica Cardelle Rouco, como auxiliar de biblioteca, grupo C2, cunha xornada de 29 horas semanais (6 horas de luns a xoves en horario de 08.00 a 14:00 h e o venres 5 horas de 08:00 h a 13:00 h) durante un período de 3 meses (dende o 20 de xullo ao 20 de outubro), cun salario mensual de 1.316,85 euros, incluíndo prorratas pagas extraordinarias.

CUARTO: Notificar esta resolución a interesada, así como o departamento correspondente para que se proceda a preparación do contrato.

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

O Alcalde – Presidente
Asdo.- Xoán Xesús Carril Ramos

Dou fe, O secretario
Asdo.- Manuel Alfonso Alcalá Pérez

